


# **Memoria descriptiva e gráfica**

EDLG - IES San Clemente

Ano escolar 2017 - 2018



# Índice

## [Introdución](#)

## [Obxectivos e actividades](#)

[2.1.- Contorno do centro](#)

[2.2.- Profesorado](#)

[2.3.- Alumnado](#)

[2.4.- Centro](#)

## [Actividades principais](#)

[3.1.- Concursos e certames](#)

[3.2.- Revista Rumbo](#)

[3.3.- Regueifesta](#)

[3.4.- Exposicións enREDadas](#)

[3.5.- Proxecto eTwinning “Pek en Babel”](#)

[3.6.- Proxecto eTwinning Letras Galegas](#)

[3.7.- Outras actividades](#)

## [Cambios realizados](#)

## [Propostas de mellora](#)

# 1. Introducción

A principios do ano escolar o EDLG do IES San Clemente redactou e publicou o **Proxecto de fomento do uso do galego 2017-2018** que se pode consultar no seguinte enderezo:

[www.iessanclemente.net/edlg/equipo](http://www.iessanclemente.net/edlg/equipo)

Esta memoria recolle as actividades realizadas, detalla aquelas para as que se concedeu a asignación económica de Política Lingüística e relaciónase cada gasto coa actividade correspondente.

Tamén dá conta dos cambios realizados con respecto á programación inicial, avalíase a consecución dos obxectivos previstos e propón melloras para o futuro.

## 2. Obxectivos e actividades

O obxectivo principal do equipo de dinamización da lingua galega é potenciar o uso do galego no centro educativo.

Avaliamos a consecución dos obxectivos específicos e as actividades realizadas:

### 2.1.- Contorno do centro

2.1.1.- Dar visibilidade aos proxectos e actividades do centro para que a cidadanía saiba do noso compromiso coa lingua galega, por medio da prensa, web, redes sociais e revista. **Conseguido**

Actividades:

- Rumbo: publicación en formato A5 con todo o material desenvolvido durante este ano (por exemplo os relatos premiados, etc.) **Realizado**
- Difusión na web, redes sociais e prensa, das actividades realizadas no centro, relacionadas directa ou indirectamente coa lingua galega. **Realizado**
- Participación en actividades organizadas pola Coordinadora Galega e polo servizo de Lingua Galega do Concello de Santiago de Compostela, que sexan consideradas de interese para o centro. **Realizado**

### 2.2.- Profesorado

2.2.1.- Fomentar o uso do galego a nivel oral e escrito coa participación en actividades e proxectos nos que o uso do galego é fundamental. **Conseguido**

Actividades de promoción da lingua por medio de eTwinning:

- Christmas Card Exchange 2017. **Realizado**
- Letras galegas 2018 – María Victoria Moreno Márquez. **Realizado**
- Publicacións da embaixada eTwinning Galicia. **Realizado**
- Ofrecemento ao Servizo Central de Bruxelas para traducir as interfaces do eTwinning Live e TwinSpace ao galego. **Realizado**

2.2.2.- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en diversos soportes.

**Conseguido**

Actividades:

- Solución de dúbidas aos membros da comunidade educativa. **Realizado coa colaboración do departamento de Galego**

2.2.3.- Publicar nos diferentes apartados temáticos da web do instituto e nas TVs dos corredores. **Conseguido**

Actividades:

- Publicación de artigos: “Novas” e “Novas de dinamización lingüística”. **Realizado**
- Axuda para a publicación noutros apartados como “Sección bilingües”, “Proxectos europeos” e “Orientación”. **Realizado**
- Creación dunha Playlist de YouTube con música galega moderna. **Realizado**
- Publicación de traballos realizados en cooperación con EDLGs doutros centros. **Realizado**

## 2.3.- Alumnado

2.3.1.- Asegurar que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais. **Conseguido**

Actividades:

- Información e orientación ás persoas que o soliciten. **Realizado coa colaboración do departamento de Galego**
- Participación en actividades e proxectos. **Realizado**

2.3.2.- Fomentar o uso do galego a nivel oral e escrito coa participación en actividades, concursos e proxectos nos que o uso do galego é fundamental. **Conseguido**

Actividades:

- Participación en concursos do EDLG e doutras entidades. **Realizado**
- Participación na gravación do vídeo “A lingua máis importante do mundo”. **En proceso**
- Participación en Regueifesta **Realizado**
- Actividades de promoción da lingua por medio de eTwinning:
  - Christmas Card Exchange 2017. **Realizado**
  - Letras galegas 2018 – María Victoria Moreno Márquez. **Realizado**
  - Outros proxectos doutros departamentos, nos que tamén se utiliza o galego. **Realizado**

2.3.3.- Eliminar prexuizos e comprender que o galego é unha lingua importante no seu futuro laboral. **Conseguido**

Actividades:

- Participación en proxectos eTwinning “Pek en Babel”. **Realizado**
- Participación no Plan Proxecta e en exposicións enREDadas. **Realizado**

## 2.4.- Centro

- 2.4.1.- Esixir o cumprimento da lexislación sobre o uso da lingua galega no sistema escolar, adaptada ás súas especificidades e orientada a acadar unha boa competencia nas dúas linguas oficiais. **Conseguido**

Actividades:

- Información e orientación aos docentes que o soliciten. **Realizado**
- Solicitud á Consellaría de Educación de maior presenza do galego nos materiais de FP a distancia. **Realizado**

- 2.4.2.- Coidar de maneira especial o uso da lingua nas plataformas educativas, actualizándoas e someténdolas a continuas revisións. **Parcialmente conseguido**

Actividades relacionadas coa páxina web **www.iessanclemente.net**: plataforma educativa a distancia, plataforma educativa “Mestre”, wikis de manuais e axuda:

- Atención á utilización da lingua galega nas plataformas educativas, someténdoas a continuas revisións. **Realizado, excepto na wiki “axuda”**
- Información sobre a normativa vixente. **Realizado**
- Información sobre os obxectivos e as actividades do EDLG en [www.iessanclemente.net/edlg/equipo](http://www.iessanclemente.net/edlg/equipo) **Realizado**

- 2.4.3.- Manter a presenza do galego en todos os proxectos locais, autonómicos, nacionais e internacionais, situándoo ao mesmo nivel que o resto das linguas. **Conseguido**

Actividades:

- Proxectos eTwinning indicados en puntos anteriores. **Realizado**
- Solicitar ao SNA eTwinning España que modifiquen o aplicación de eTwinning Live para poder marcar a opción “galego” como idioma de traballo dun participante ou dun proxecto. **Realizado**
- Colaboración estreita co departamento de Bioloxía e Xeoloxía: exposicións e campaña sobre ecoloxía. **En proceso**
- Colaboración con outros EDLGs e outras entidades educativas:
  - IES nº 1 de Ordes e IES Espiñeira de Boiro: creación de presentacións en liña. **Aprazado**
  - IES Leliadoura de Ribeira e CPI A Picota: exposicións itinerantes. **Realizado**
  - CEIP de Sestelo-Baión, Universidade Autónoma de Madrid e Accademia di Belle Arti di Terni: Exposicións enREDadas. **Realizado**
  - IES de Poio: creación de carteis para celebrar o día mundial da Internet Segura. **Realizado**

## 3. Actividades principais


Descubrimos con detalle as actividades principais propostas e finalmente realizadas no presente ano escolar, para as que se solicitou financiamento da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

### 3.1.- Concursos e certames

Realizamos todas as convocatorias previstas. Son concursos e certames que tiveron éxito en anos anteriores nos que ademais do alumnado, tamén pode participar o resto da comunidade educativa. Pretenden estimular a creación literaria e audiovisual utilizando o galego.

- [8º Concurso de felicitacións de Aninovo](#)
- [3º Certame de relato breve](#)
- [3º Certame de micro vídeos](#)
- [31º Concurso Literario](#)
- [8º Concurso Europeo de Marcapáxinas](#)

Os premios son vales de material informático, educativo e libros.



Orzamento: 1000,00 euros.

Gasto: 1610,00 euros.

Atribuímos o total da axuda concedida (519 euros) a esta actividade.

### 3.2.- Revista Rumbo


Editamos unha publicación en formato A5 con todo o material recompilado durante este ano, principalmente obras premiadas nos concursos do EDLG. Desta maneira damos visibilidade aos contidos artísticos creados polo alumnado, en galego, nunha publicación física e dixital.

Difundida en:

- [www.iessanclemente.net/edlg/rumbo](http://www.iessanclemente.net/edlg/rumbo)
- [www.iessanclemente.net/edlg](http://www.iessanclemente.net/edlg)
- [Facebook](#)

Orzamento: 100,00 euros.

Gasto: 088,51 euros.



### 3.3.- Regueifesta

Aínda que hai outras actividades igual de importantes, destacamos esta por ser a primeira vez que se realizou no IES San Clemente e porque traballa a oralidade, a creatividade e a música.

Máis información: [www.iessanclemente.net/2018/04/05/regueifas-no-ies-san-clemente](http://www.iessanclemente.net/2018/04/05/regueifas-no-ies-san-clemente)

Orzamento: 0,00 euros.

Gasto: 0,00 euros.

### 3.4.- Exposicións enREDadas

Cuarto ano de participación neste proxecto artístico internacional como sede dunha exposición co patrocinio da *Comisión Nacional Española de Cooperación con la UNESCO* e en colaboración co EDLG do CEIP de Sestelo-Baión.

Aberta á participación do alumnado e do profesorado de calquera centro do mundo, nesta ocasión o tema proposto foi “Fotografía matemática”: **MatematicARTE**.

Foi inaugurada na VII Semana de la Educación artística (UNESCO) en maio de 2018, en Vilanova de Arousa e en





xuño estivo presente na sede de Compostela. A partir de setembro trasladarase a outros centros educativos galegos.

Máis información sobre as obras, exposicións físicas e virtual, catálogo, etc:

[www.iessanclemente.net/edlg/proxecto-exposicions-enredadas](http://www.iessanclemente.net/edlg/proxecto-exposicions-enredadas)

Difusión nos canais habituais.

Orzamento: 400,00 euros.

Gasto: 530,55 euros

### 3.5.- Proxecto eTwinning “Pek en Babel”

Noveno ano do proxecto Pek e segundo desta edición. Foi desenvolvido polo IES San Clemente en colaboración con alumnado e profesorado de institutos de Portugal, Francia, Italia, Chequia e Grecia.

Na edición *Pek en Babel*, os participantes traballaron en subgrupos internacionais. Cada equipo tivo que crear e executar pequenas tarefas de ensino/aprendizaxe dunha das linguas de traballo (entre elas, o galego).

The image shows a SoundCloud interface for a playlist titled 'Radio Babel'. The main track is 'The Seventeen Sustainable Development Goals' with a duration of 3:16. Below it is a list of other tracks:

Track Name	Duration
Radio Babel - Introducing 2nd Year	38
Radio Babel - Pulvi, our superhero	31
Radio Babel - Top 10 Monuments	19
Radio Babel - Pek's birthday - 8 years old	43
Radio Babel - Computers	20
Radio Babel - The Seventeen Sustainable Development Goals	9
Radio Babel - Schools	2

Ademais, gravaron programas en varias linguas para *Radio Babel*. Para desenvolver o proxecto, os participantes traballaron nunha plataforma en liña que tamén serve para difundir os resultados:

[twinspace.etwinning.net/25013](http://twinspace.etwinning.net/25013)

Os alumnos e alumnas mantiveron comunicación directa intercambiando mensaxes nos foros, soben ficheiros de imaxe, son, texto, correo electrónico interno, etc. Trátase dunha ferramenta segura: para acceder aos contidos internos hai que utilizar unha conta persoal. Desde fóra só se poden visualizar as páxinas públicas, pero non as conversas nin os datos do alumnado.

O EDLG encargouse da corrección dos textos e da difusión do resultado en:

- Web: [www.iessanclemente.net](http://www.iessanclemente.net)
- Blog: [embaixadaetwinning.blogspot.com](http://embaixadaetwinning.blogspot.com)
- Facebook: [www.facebook.com/iessanclemente](http://www.facebook.com/iessanclemente)
- Google+: [plus.google.com/u/0/+ErasmusIESSanClemente](http://plus.google.com/u/0/+ErasmusIESSanClemente)

O proxecto, nas súas múltiples edicións, conta cun amplo recoñecemento a nivel nacional e internacional, acumulando varios premios.

Máis información: [www.iessanclemente.net/programas-europeos/pek-the-traveller-flea](http://www.iessanclemente.net/programas-europeos/pek-the-traveller-flea)

Orzamento: 0,00 euros.

Gasto: 0,00 euros.

### 3.6.- Proxecto eTwinning Letras Galegas

Oitava edición do concurso europeo de marcapáxinas, desenvolvido a través de eTwinning en colaboración con centros galegos e estranxeiros.

Unha das edicións deste proxecto gañou o selo de calidade europeo en Portugal, Francia, Italia e Polonia.



Para desenvolver o proxecto, os e as participantes traballaron colaborativamente nunha plataforma en liña que tamén serve para difundir os resultados:

[twinspace.etwinning.net/52628](https://twinspace.etwinning.net/52628)

Aínda que a lingua de comunicación entre o alumnado é o inglés, a lingua protagonista é o galego e todas as tarefas fanse ao redor da persoa homenaxeada no Día das Letras Galegas.

[www.iessanclemente.net/programas-europeos/letras-galegas](http://www.iessanclemente.net/programas-europeos/letras-galegas)

Os resultados finais principais son unha colección de textos e vídeos en todas as linguas (principalmente en galego) e un conxunto de marcapáxinas presentados ao concurso.

Orzamento: 20,00 euros.

Gasto: 00,00 euros (19,50 + IVE incluído na factura de MatematicARTE).

### 3.7.- Outras actividades

- [Obradoiro OPS! \(O Português Simples\) 2017](#)
- [Día internacional da Internet segura 2018](#) (colaboración co IES de Poio)
- [Música en galego – Lista de reprodución](#)
- Participación no PIDL.

## 4. Cambios realizados

Non houbo cambios significativos con respecto á programación inicial.

A colaboración co IES nº 1 de Ordes e co IES Espiñeira de Boiro foi adiada pola situación persoal do noso contacto, pero por outra banda tivemos unha colaboración co IES de Poio que inicialmente non estaba prevista.

## 5. Propostas de mellora

Recollemos varias ideas para o próximo ano lectivo:

- Proponse que o EDLG pida de novo á Consellaría de Educación máis presenza do galego nos materiais de FP a distancia de Platega.
- Suxírese a todos os membros do EDLG que aporten novas para publicar na web do centro, colaboren na publicación “Rumbo” ou participen en outras actividades aínda que non figuren no plan anual.
- Proponse engadir vídeos á playlist de YouTube creada na conta do EDLG, con música galega para publicar na páxina web e para presentar nas TVs dos corredores.
- En relación ás TVs, tamén se propón incrementar a reprodución de presentacións coas novas do EDLG, traballos do alumnado, traballos do EDLG, etc.
- Corrixir a wiki “axuda”.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2018.

O coordinador do EDLG

Visto e prace da directora

Marcos Vence Ruibal

Carmen Viñas Álvarez